



Concello de As Pontes
de García Rodríguez
Concellería de deportes

ROCÓDROMO POLIDEPORTIVO AS PONTES DE GARCÍA RODRIGUEZ UNE-EN 12572



A práctica da escalada en rocódromo é unha **actividade deportiva non exenta de risco**, que esixe unha preparación física e técnica específica.

Normas de uso da instalación

- Para facer uso particular do rocódromo é preciso ter unha autorización, sendo esta persoal e de carácter anual.
- Para acceder ao rocódromo deben inscribirse cubrindo unha autorización, para obtela é preciso:
 - Estar en posesión da licenza federativa do ano en curso ou dun seguro privado que cubra deportes de escalada.
 - Cubrir e asinar a solicitude de acceso, na cal o solicitante asegura ter os coñecementos necesarios para a práctica da escalada e asume os riscos da actividade, aceptando as normas de uso.
 - Os menores precisan autorización paterna/materna, ou titor/a legal.
- O formulario para o uso da instalación pódese retirar na oficina do Pavillón Municipal, descargalo na web do concello (www.concellodeaspontes.org) ou na web do club montaña o Caxado (www.clubmontañacaxado.es).
 - Unha vez cuberta e asinada deberá entregarse no Pavillón Municipal ou no Rexistro Xeral do Concello, sendo válido por vía telemática na web.
- O uso do rocódromo é similar á escalada no entorno natural, deben usarse técnicas e elementos de protección propios da escalada deportiva, así como as colchonetas de protección.
- O rocódromo é un muro deseñado para a escalada, non sendo unha instalación de xogo para outros deportes.
- Os menores de idade poderán facer uso da instalación sempre baixo presenza, supervisión e responsabilidade dun monitor ou adulto.
- O número de escaladores recomendado escalando á vez é de **6**.
 - Está totalmente prohibido escalar e facer boulder por debaixo da vertical doutro escalador.
- Está prohibido superar e camiñar polas zonas superiores do bulder e do rocódromo, así como superar a zona de descolgue.
- Queda prohibido escalar sen usar todos os seguros instalados no transcurso dunha vía ou itinerario.
- Queda prohibido facer boulder sobrepasando a liña negra (3m. de altura) sen ningún tipo de aseguramento. É aconsellable que un compañeiro (porteiro) protexa ao escalador en todo momento.
- Non está permitido pintar ou rotular a instalación, unicamente se poderá marcar mediante cinta adhesiva de quitar e poñer itinerarios de forma provisional.
- Queda prohibido establecer cruces de cordas de seguridade de diferentes parellas, así como non se poderán compartir descolgues para varias vías.
- Non está permitido modificar a disposición dos implementos e estruturas que configuran o rocódromo (presas, placa, reunións, etc.) así como a instalación de ningún elemento novo.
- O material obrigatorio para o uso será:
 - Casco, corda, arnés, mosquetóns, aseguradores, cintas exprés, pés de gato ou zapatillas deportivas.
- O material requerido para facer uso da instalación debe ser aportado polos usuarios e debe cumprir a normativa de seguridade para a práctica da escalada. (CE), (UIAA).
- Este rocódromo de escalada ten unha superficie escalable de: $\pm 72M^2 + 14M^2 = 86M^2$
- O concello de As Pontes non se fai responsable dos danos, lesións ou accidentes que lle poidan ocorrer aos usuarios pola práctica deportiva. Así como resérvase o dereito de acceso para aquelas persoas que non cumpran ou vulneren as normas de uso descritas.
- O horario de funcionamento poderá ser suspendido ou alterado en función das necesidades da Concellería de Deportes do Concello de As Pontes de García Rodríguez.
- Os usuarios deben comunicar de forma inmediata ao persoal do pavillón calquer deterioro ou anomalía que poida por en perigo a integridade física das persoas ou para o correcto funcionamento da instalación.